



A CMAT ABRE O PRAZO PARA A PRESENTACIÓN DE CANDIDATURAS PARA ALBERGAR O V ENCONTRO ANUAL DE TURISMO DA COSTA DA MORTE

O martes 11 de novembro de 2025, celebrarase o que será o V Encontro de Turismo de Costa da Morte no territorio, un evento organizado pola CMAT co cofinanciamento de Turismo de Galicia e co apoio da Deputación da Coruña.

Este evento celebrouse por vez primeira no Parador de Costa da Morte (Muxía) en 2021, en Costa Caión (A Laracha) en 2022, en Torre de Laxe en 2023, e no Pazo de Trasariz en Vimianzo en 2024, e ten coma obxectivo ser un punto de encontro dos principais axentes públicos e privados do territorio que traballan para mellorar o noso destino turístico, poñer en común os éxitos acadados e pasar un rato distendido todos xuntos, intercambiando ideas e propostas para continuar crescendo dun xeito sostible tanto social como económica e socialmente.

Este ano, de novo, a CMAT quere ofrecer a oportunidade de ser sede deste encontro a todo o sector turístico da Costa da Morte e, para elo, habilita un prazo de presentación de candidaturas. Todo aquel establecemento que reúna os principais requisitos e que queira ofrecelo para ser a sede do encontro, deberá presentar cuberto e asinado o documento descargable que se atopa baixo estas liñas antes do 19 de setembro.

A continuación, infórmase das principais características do evento:

1. Data, horario e duración do evento:

Martes 11 de novembro, en horario estimado de 17:30h a 20:00h.

2. Asistentes:

Gustaríanos contar coa capacidade e acoller ata 200 persoas, que serán:

- Representantes dos 17 concellos que conforman a CMAT.
- Representantes dos socios de APTCM.
- Outras institucións colaboradoras coa CMAT.
- Prensa e prescriptores.

3. Formato:

O evento terá dúas partes diferenciadas:

- a) **Presentacións institucionais.** Nun escenario con apoio de imaxe e son, sucederanse diversas presentacións relacionadas cos principais proxectos de turismo de Costa da Morte promovidos pola CMAT e os seus socios.
- b) **Cóctel e traballo en rede.** Tras as presentacións, os asistentes poderán falar distendidamente nun cóctel, no que se poidan degustar, preferiblemente, produtos locais.



4. Equipamentos e servizos:

O formato do evento precisará que a sede conte con (ou teña capacidade de subcontratar) equipamentos tipo:

- > **Imaxe e son:** pantalla para proxectar, micrófonos, altavoces, atril, mobiliario para os relatores (cadeiras, mesas, etc.). **Técnicos de apoio ante posibles incidencias.**
- > **Cadeiras para os asistentes.**
- > **Espazo para o networking.**
- > **Servizo de catering.**
- > **Espazo para expor unha pequena mostra de artesanía.**

A continuación, indicamos **principais requisitos** mínimos que establece a CMAT para valorar as candidaturas:

- Estar localizado na Costa da Morte.
- Contar con aforo mínimo para poder albergar ata 200 persoas.
- Contar con espazos idóneos para o formato descrito en liñas anteriores.
- Equipamentos e medios necesarios / capacidade de subcontratación dos medios dos que non se dispoña para o evento e xestión de subcontratación.
- Experiencia en este tipo de eventos.
- Contar con dispoñibilidade para a data e horario indicados.

Valoraranse especialmente as candidaturas de establecementos asociados á CMAT a través de APTCM.

5. Presentación de candidaturas:

- > Prazo: ata o 19 de setembro de 2025.
- > Formato: deberase cumprimentar correctamente o anexo descargable que se atopa ao final desta páxina.
- > Envío: enviar o **Anexo coa documentación complementaria** que cada establecemento considere necesario e que axude á Xunta Directiva da CMAT a realizar as valoracións pertinentes ao correo da CMAT: **admincmat@visitacostadamorte.com**

6. Valoración de candidaturas:

A CMAT valorará as candidaturas recibidas e se porá en contacto con todas as empresas que se presenten para analizar a idoneidade e tratar os aspectos económicos, de modo que se seleccione a opción que máis encaixe coas necesidades do evento e das empresas.

Buscarase un equilibrio territorial, e sempre que sexa posible, organizar o encontro nun concello en un establecemento que non acollera o evento anteriormente.